



Concello de Moaña

Expediente núm.: 176/2024 (relacionado co 2164/2021)

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)-S0171 - Regulamento municipal

Asunto: Regulamento de uso e normativa de acceso ás instalación do concello vello

Documento: Providencia de alcaldía

Trámite: Incoación do procedemento

Providencia de alcaldía

O concello dispón do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello, situado no número 108 da rúa Ramón Cabanillas do concello de Moaña., referencia catastral da parcela 1814618NG2811S0001EQ, como espazo de transformación social, de dinamización da contorna e como infraestrutura cultural, social e de desenvolvemento económico, non só a este punto neuráxico da vila, senón tamén a nivel provincial.

Na intervención de rehabilitación de dito edificio municipal, deseñaronse espazos inclusivos que, apoiados en TICs accesibles, garantan o acceso universal en igualdade de condicións da veciñanza.

O edificio principal e o volume este destinase a uso público, albergando diferentes espazos culturais dispoñibles para os veciños previa solicitude ao concello.

Estes locais contan cun sistema de control de acceso que permitirá a súa videovixilancia e telexestión mediante unha chave dixital que os cidadáns deberán activar por anticipado.

Deste xeito só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas a través da lectura por contactless da súa credencial personalizada, tal e como se preveu no correspondete proxecto de rehabilitación do edificio que resulta do expst ref. 2164/2021 (S0242 - Contratacións de obras por procedemento aberto simplificado Asunto Licitación do proxecto de Rehabilitación do Concello Vello vencellado ao Programa REACPON da Deputación de Pontevedra)

Os locais ao dispor da cidadanía serán os seguintes:

SALA DE EXPOSICIÓNS- Situarase en planta baixa, cun acceso independente e adaptado desde a rúa

LOCAL DE ENSAIO- Local insonorizado situado en planta baixa, cun acceso independente e adaptado desde a rúa

AULA DE ESTUDO E ESPAZOS DE TRABALLO EN GRUPO- Espazo en planta primeira accesible mediante ascensor e a través das escaleiras orixinais do edificio principal que serán restauradas.

PROTECCIÓN CIVIL- O volume oeste dedícase integramente ás instalacións da dotación de Protección Civil do concello,

A distribución de usos que resulta do proxecto de rehabilitación xa executado e recibido polo concello é o seguinte:







Concello de Moaña



DISTRIBUCIÓN DE USOS



PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA

O novo uso dos espazos e das diferentes instalacións do “Concello vello” trala súa apertura, require un regulamente de uso e acceso xa que compre dispor dunha normativa clara para as persoas usuarias que permita o seu correcto funcionamento, axeitado á finalidade que se persigue coa rehabilitación da instalación descrita, tendo en conta entre outros, a falta de persoal no propio edificio

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax:





Concello de Moaña

Esta Alcaldía, conforme aos principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas-LPAC-, considera necesario que se proceda á regulación do funcionamento do edificio municipal do “Concello vello”, sendo necesario proceder ao estudo, elaboración e posterior aprobación do Regulamento municipal que regule devandito funcionamento, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde ás entidades locais en virtude do disposto na normativa vixente, en concreto, no artigo 128 da LPAC, e no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispoño o seguinte:

1º. Incoar procedemento relativo ao Regulamento de uso e normativa de acceso ás instalacións do concello vello sito o número 108 da rúa Ramón Cabanillas do concello de Moaña.

2º.- Ordear da concellería de mocidade, infancia e voluntariado, na súa condición de órgano xestor do expdt correspondente, a realización da consulta previa pública a través do portal web do Concello, para os efectos de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

3º.- Ordear da concellería de mocidade, infancia e voluntariado, na súa condición de órgano xestor do expdt correspondente, a elaboración da proposta de regulamento municipal.

Unha vez efectuado dito borrador, publíquese o texto do proxecto de Regulamento no portal web municipal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Realizadas as actuacións previas e incorporado o borrador definitivo de Regulamento ao expdt., ordease a emisión de informe previo da Secretaria e Interventora do concello.

(documento asinado electronicamente ao marxe)

